

I. DISPOSICIONES XERAIS

MINISTERIO DE XUSTIZA

8642 *Real decreto 593/2015, do 3 de xullo, polo que se regula a declaración de notorio arraigamento das confesións relixiosas en España.*

A Lei orgánica 7/1980, do 5 de xullo, de liberdade relixiosa, no seu artigo 7.1, refírese á declaración de notorio arraigamento en España das igrexas, confesións e comunidades relixiosas inscritas no Rexistro do Ministerio de Xustiza.

O procedemento para a declaración de notorio arraigamento que se veu aplicando articulábase mediante a intervención e o informe da Comisión Asesora de Liberdade Relixiosa, en virtude do disposto no artigo 8 da Lei orgánica 7/1980, do 5 de xullo, e do artigo 3.e) do Real decreto 932/2013, do 29 de novembro, polo que se regula a Comisión Asesora de Liberdade Relixiosa.

Tras a declaración de notorio arraigamento en España do protestantismo (1984), do xudaísmo (1984) e da relixión islámica (1989) e da sinatura dos acordos de cooperación do Estado español coa Federación de Entidades Relixiosas Evanxélicas de España, a Federación de Comunidades Israelitas de España e a Comisión Islámica de España, aprobadas respectivamente polas leis 24, 25 e 26/1992, do 10 de novembro, declarouse o notorio arraigamento en España da igrexa de Xesucristo dos Santos dos Últimos Días (2003), da igrexa das Testemuñas de Xehová (2006), do budismo (2007) e da igrexa ortodoxa (2010), o cal suscitou a necesidade de obxectivar as condicións para a súa obtención.

A esta cuestión intenta responder a regulación contida neste real decreto, que establece uns requisitos precisos para obter a declaración de notorio arraigamento en España e un procedemento público con todas as garantías, co que se reduce a marxe da discrecionalidade da Administración e se aumenta o grao de certeza dos solicitantes desta declaración.

A declaración de notorio arraigamento debe abranguer unhas notas comúns que caractericen calquera igrexa, confesión, comunidade relixiosa ou federación súa, que se deben coñecer con carácter previo por parte dos diversos grupos relixiosos, pero tamén por parte da sociedade. Debe permitir acreditar que goza dunha presenza estable e acreditada no tempo en España mediante a súa inscrición no Rexistro de Entidades Relixiosas, ou ben nalgún país estranxeiro, pero que en todo caso achegue a nota de estabilidade e permanencia no tempo. Así mesmo, o arraigamento debe asociarse á presenza activa na sociedade española e á súa implantación no territorio de varias comunidades autónomas e cun número representativo de entidades e lugares de culto inscritos no Rexistro de Entidades Relixiosas. Igualmente, debe contar cunha estrutura interna e representación adecuada á súa propia organización.

O real decreto regula un procedemento para acreditar tales requisitos que finaliza cunha resolución controlable xudicialmente, o cal representa un indubidable avance nas garantías dos solicitantes. Tamén regula o procedemento administrativo polo cal se pode perder a condición de notorio arraigamento por modificación substancial das circunstancias requiridas para a súa obtención.

Na elaboración deste real decreto tívose en conta o informe do Pleno da Comisión Asesora de Liberdade Relixiosa, polo que se deu audiencia ás confesións relixiosas que teñen recoñecido notorio arraigamento en España, aos representantes da Administración xeral do Estado e aos vogais de recoñecida competencia no ámbito da liberdade relixiosa que forman parte da Comisión.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Xustiza, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 3 de xullo de 2015,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto regular o procedemento para a declaración de notorio arraigamento das confesións relixiosas en España, de conformidade co artigo 7.1 da Lei orgánica 7/1980, do 5 de xullo, de liberdade relixiosa. Así mesmo, regula o procedemento polo cal se pode perder a declaración de notorio arraigamento por modificación substancial das circunstancias requiridas para a súa obtención.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

Este real decreto é de aplicación ás igrexas, confesións e comunidades relixiosas, así como ás súas federacións, inscritas no Rexistro de Entidades Relixiosas do Ministerio de Xustiza.

CAPÍTULO II

Procedemento para a declaración de notorio arraigamento en España

Artigo 3. *Requisitos.*

Para a declaración de notorio arraigamento en España a que se refire o artigo 7.1 da Lei orgánica 7/1980, do 5 de xullo, as igrexas, confesións ou comunidades relixiosas deberán reunir os requisitos seguintes:

- a) Levar inscritas no Rexistro de Entidades Relixiosas trinta anos, salvo que a entidade acredite un recoñecemento no estranxeiro de, polo menos, sesenta anos de antigüidade e leve inscrita no citado rexistro durante un período de quince anos.
- b) Acreditar a súa presenza en, polo menos, dez comunidades autónomas e/ou cidades de Ceuta e Melilla.
- c) Ter 100 inscricións ou anotacións no Rexistro de Entidades Relixiosas, entre entes inscribíbles e lugares de culto, ou un número inferior cando se trate de entidades ou lugares de culto de especial relevancia pola súa actividade e número de membros.
- d) Contar cunha estrutura e representación adecuada e suficiente para a súa organización para os efectos da declaración de notorio arraigamento.
- e) Acreditar a súa presenza e participación activa na sociedade española.

Artigo 4. *Procedemento de declaración de notorio arraigamento.*

1. O procedemento iníciarase mediante solicitude da entidade interesada dirixida ao titular da Subdirección Xeral de Relacións coas Confesións, na cal deberán constar os seguintes datos:

- a) Identificación da entidade solicitante, con indicación do seu número de inscrición no Rexistro de Entidades Relixiosas.
- b) Identificación dos representantes legais da entidade.
- c) Memoria explicativa que acredite o cumprimento dos requisitos mencionados no artigo anterior.
- d) Domicilio para os efectos de notificacións.

2. Se a entidade solicitante forma parte dunha federación ou existe un órgano superior inscrito de ámbito nacional, deberán ser estes últimos os que presenten a solicitude.

3. A solicitude, xunto coa documentación que se deba xuntar, poderá presentarse en formato e con sinatura electrónica no Rexistro Electrónico do Ministerio de Xustiza.

4. A instrución e proposta de resolución do procedemento corresponderá á Subdirección Xeral de Relacións coas Confesións.

5. Se a solicitude non reúne os requisitos que sinala o artigo anterior e os números 1 e 2 deste artigo, requirirase a entidade solicitante para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou xunte os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixer, se dará por desistida da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos do artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

6. O encargado da instrución do procedemento poderá requirir a entidade solicitante para que achegue a información ou a documentación complementaria que considere necesaria para acreditar o cumprimento dos requisitos establecidos neste real decreto.

7. Para efectos da resolución do procedemento, e de conformidade co previsto no artigo 3.e) do Real decreto 932/2013, do 29 de novembro, polo que se regula a Comisión Asesora de Liberdade Relixiosa, solicitarase a esta comisión asesora que emita informe, que terá carácter de preceptivo e non vinculante.

8. Instruído o procedemento, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, manifestaráselle á entidade solicitante para que, nun prazo non inferior a dez días nin superior a quince, poida alegar e presentar os documentos e xustificacións que considere pertinentes.

Se antes do vencemento do prazo a entidade solicitante manifesta a súa decisión de non efectuar alegacións nin achegar novos documentos ou xustificacións, darase por realizado o trámite.

Artigo 5. *Resolución.*

1. O órgano competente para resolver o procedemento é o ministro de Xustiza, mediante orde ministerial. Nesta expresarase se se acorda conforme o informe da Comisión Asesora de Liberdade Relixiosa ou se se afasta del. No primeiro caso, usarase a fórmula «de acordo coa Comisión Asesora de Liberdade Relixiosa»; no segundo, a de «oída a Comisión Asesora de Liberdade Relixiosa».

2. A resolución en que se declare o notorio arraigamento da confesión relixiosa en España publicarase no «Boletín Oficial del Estado», sen prexuízo de que toda resolución que poña fin ao procedemento sexa notificada debidamente á entidade solicitante.

3. Transcorrido o prazo de seis meses a partir da data en que a solicitude tivese entrada en calquera dos rexistros do Ministerio de Xustiza, se non se tivese ditado e notificado a resolución, entenderase aceptada, de acordo co disposto no artigo 43 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

4. Contra a resolución do procedemento, que pon fin á vía administrativa, poderá interperse recurso potestativo de reposición ante o ministro de Xustiza nos termos establecidos nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ou será impugnada directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa nos termos establecidos no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 6. *Alcance da declaración de notorio arraigamento instado por federacións.*

Cando a solicitude de declaración de notorio arraigamento sexa presentada por unha federación de igrexas, confesións ou comunidades relixiosas, o notorio arraigamento será recoñecido a favor da relixión ou crenza relixiosa, pero os efectos derivados da declaración serán atribuídos a aquelas entidades que formen parte da federación como garante da continuidade do cumprimento dos requisitos exixidos para a súa declaración.

CAPÍTULO III

Procedemento para a perda da condición de notorio arraigamento en España*Artigo 7. Supostos de perda.*

A perda da condición de notorio arraigamento en España prodúcese pola modificación substancial dalgunha das circunstancias requiridas para a súa obtención previstas nas alíneas b), c), d) e e) do artigo 3.

Artigo 8. Procedemento para a perda de notorio arraigamento.

1. O procedemento para a perda de notorio arraigamento iníciase de oficio por acordo do titular da Dirección Xeral de Cooperación Xurídica Internacional e Relacións coas Confesións.

2. Con anterioridade ao acordo de iniciación do procedemento, poderase abrir un período de información previa con audiencia ao interesado, co obxecto de determinar as circunstancias concretas, o seu alcance e a conveniencia ou non de iniciar o procedemento.

Á vista do actuado, o titular da Dirección Xeral de Cooperación Xurídica Internacional e Relacións coas Confesións poderá acordar a iniciación do procedemento para a perda da condición de notorio arraigamento en España.

3. A instrución e proposta de resolución do procedemento corresponderán á Subdirección Xeral de Relacións coas Confesións.

4. Para efectos da resolución do procedemento, e de conformidade co previsto no artigo 3.e) do Real decreto 932/2013, do 29 de novembro, polo que se regula a Comisión Asesora de Liberdade Relixiosa, solicitarase a esta comisión asesora que emita informe, que terá carácter preceptivo e non vinculante.

5. Unha vez instruído o procedemento, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, manifestaráselle á entidade solicitante para que, nun prazo non inferior a dez días nin superior a quince, poida alegar e presentar os documentos e xustificacións que considere pertinentes.

Se antes do vencemento do prazo a entidade solicitante manifesta a súa decisión de non efectuar alegacións nin achegar novos documentos ou xustificacións, darase por realizado o trámite.

Artigo 9. Resolución.

1. O órgano competente para resolver o procedemento é o ministro de Xustiza, mediante orde ministerial. Nela exprésase se se acorda conforme o informe da Comisión Asesora de Liberdade Relixiosa ou se se afasta del. No primeiro caso, usarase a fórmula «de acordo coa Comisión Asesora de Liberdade Relixiosa»; no segundo, a de «oída a Comisión Asesora de Liberdade Relixiosa».

2. A resolución en que se declare a perda do notorio arraigamento da confesión relixiosa en España publicarase no «Boletín Oficial del Estado», sen prexuízo de que toda resolución que poña fin ao procedemento sexa notificada debidamente á entidade interesada.

3. Unha vez transcorrido o prazo de seis meses, a partir da data en que se acordase o inicio do procedemento, sen que se dite e se notifique a resolución, producirase a caducidade do procedemento. A resolución que declare a caducidade ordenará o arquivamento das actuacións, cos efectos previstos no artigo 92 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

4. Contra a resolución do procedemento, que pon fin á vía administrativa, poderá interperse recurso potestativo de reposición ante o ministro de Xustiza nos termos establecidos nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ou será impugnada directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa nos termos establecidos no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Artigo 10. *Alcance da perda de notorio arraigamento.*

Cando a solicitude de declaración de notorio arraigamento for presentada por unha federación de igrexas, confesións ou comunidades relixiosas, a declaración de perda do notorio arraigamento será estendida á relixión ou crenza relixiosa e os efectos derivados da declaración serán atribuídos a aquelas entidades que formen parte da federación.

Disposición adicional única. *Comunicación e publicidade electrónica.*

Co fin de dar cumprimento á Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, na solicitude de notorio arraigamento, así como na tramitación do procedemento, promoverase a utilización dos medios electrónicos previstos nela.

Disposición transitoria única. *Réxime aplicable ás solicitudes en trámite.*

As solicitudes para a declaración de notorio arraigamento en España que estivesen en trámite na data de entrada en vigor deste real decreto rexeranse polo procedemento vixente no momento do seu inicio.

Disposición derradeira primeira. *Normativa supletoria*

As disposicións da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, aplicaranse supletoriamente ao disposto no presente real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.1.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre a regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos seus dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 3 de xullo de 2015.

FELIPE R.

O ministro de Xustiza
RAFAEL CATALÁ POLO